

## **CIRCULAR 17/2015**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **CAMPIONATO DE GALICIA DE VETERÁNS PISTA CUBERTA**

Pista cuberta de Riazor. A Coruña

1 de Marzo do 2015

**Art.1)** A Delegación da F.G.A na Coruña organizará o Campionato de Galicia de Veteráns de pista Cuberta que terá lugar no Pazo de Deportes de Riazor na Coruña o vindeiro domingo **día 1 de marzo** do 2015, en xornada de mañá e tarde.

**Art.2)** Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo durante a tempada actual (2014/15) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 24 de febreiro do 2015**. Unha vez recibidas as inscricións poderá modificarse o horario programándose unicamente aquelas probas nas que houbese un mínimo de 3 inscritos. O horario é orientativo en función de campionatos anteriores, poidéndose incluír aquelas probas nas que haxa mais de tres inscritos.

**Art. 4)** En probas de concursos será necesario acreditar unha marca, da tempada en vigor ou da anterior)

**Art.5)** Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta. Non se admitiran cambios de proba.

**Art.6)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.7)** Naquelas probas nas que non se disputen finais por categorías, consideraranse merecedoras das medallas, en cada categoría, as tres mellores marcas conseguidas nas series. Nos concursos serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que consigan as tres mellores marcas de cada unha das categorías.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



**Art.8)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante, agás pértega. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.9)** Nos concursos pasarán á mellora ás 8 mellores marcas obtidas por peso empregado, independentemente da categoría.

**Art.10)** Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias non participase na ronda seguinte ou ben que confirmara a súa inscrición e non participe.

**Art.11)** Limitacións de probas: Só poderán inscribirse nun máximo de tres probas, sendo soamente unha delas superior a 1000 metros. Só programaranse máis probas en caso de haber tres o máis atletas inscritos. En probas de concursos será necesario acreditar unha marca, da tempada en vigor ou da anterior.

O Horario definitivo publicárase co listado de inscritos

HORARIO CAMPIONATO GALEGO VETERANS						
MAÑAN						
800 m.l.	Mulleres	FINAIS	<b>11.00</b>	Pértega	Homes-M	FINAL
				Lonxitude 35-40-45	Homes	FINAL
800 m.l.	Homes	FINAIS	<b>11.20</b>			
50 m.l.	Mulleres	FINAIS	<b>11.55</b>			
50 m.l.	Homes	FINAIS	<b>12.10</b>			
400 m.l.	Mulleres	FINAIS	<b>12.40</b>	Lonxitude 55 y sup	Homes	FINAL
				Lonxitude	Mulleres	FINAL
400 m.l.	Homes	FINAIS	<b>13.10</b>			
50 m.v.	Homes	FINAIS	<b>13.50</b>			
50 m.v.	Mulleres	FINAIS	<b>14:00</b>			
TARDE						
1.500 m.l.	Mulleres	FINAIS	<b>16.30</b>	Peso 4-5-6 Kg	Homes	FINAL
				Altura	H-M	FINAL
1.500 m.l.	Homes	FINAIS	<b>16.45</b>			
200 m.l.	Mulleres	FINAIS	<b>17.20</b>			
200 m.l.	Homes	FINAIS	<b>17.40</b>	Peso 7,260	Homes	FINAL
3.000 m.l.	Mulleres	FINAIS	<b>18.25</b>			
			<b>18:30</b>	Triplo	Homes	FINAL
3.000 m.l.	Homes	FINAIS	<b>18.50</b>	Peso 4-3 Kg	Mulleres	FINAL

**Art.12).**-Altura dos listóns: (publicárase en función das marcas dos inscritos)



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



**Art.13).-** A distancia das táboas en lonxitude e triple decidirase en función das marcas dos participantes, até un máximo de 2.

**Art.14)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.15)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orden, as normas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 16 de febreiro de 2015